



ANUNCIO

Asunto: APROBACIÓN DAS BASES DO VI CERTAME A MELLOR TORTILLA DOCE DO PEÑÓN 2024

Expte. Admvo.: 2024/X999/000028

Expte. Decreto: 2024/G003/000331

Por Resolución da alcaldía de data do 10/05/2024, aprobáronse as seguintes bases reguladoras, as cales publícanse para o seu xeral coñecemento.

BASES REGULADORAS DO VI CERTAME A MELLOR TORTILLA DOCE DO PEÑÓN. EDICIÓN 2024

No ano 2017, o Concello de Laxe celebrou a primeira edición deste certame co que ademais de pretender dar a coñecer a celebración desta festa tradicional máis aló do noso Concello, intentaba fomentar a participación cidadá na celebración desta festividade, así como o coñecemento, conservación e transmisión interxeracional dun dos pratos gastronómicos típicos que elaboraban e continúan a elaborar as familias que celebran esta data: a coñecida como “tortilla doce”.

O certame dende entón veuse celebrando de maneira continua cada anualidade agás nos anos 2020 e 2021, xa que debido á pandemia da COVID-19, como medida de seguridade e prevención, decidiuse suspender a súa convocatoria.

Neste 2024, ó igual que xa fixemos durante o ano 2023, o Concello de Laxe desexa seguir dándolle continuidade a esta iniciativa, cos obxectivos xa expostos, así como cos outros de:

- Promover a recuperación escrita das diferentes variantes de receitas de tortillas doces o día do Peñón.
- Facilitar o achegamento e o coñecemento por parte das xeracións máis novas a parte do noso patrimonio cultural e gastronomía local.
- Dinamizar o comercio e hostalaría local favorecendo a inversión económica no mesmo.
- Promover a innovación e a creatividade gastronómica a partir da recuperación de pratos tradicionais.

Coa intención de celebrar neste ano 2024 a que será a súa sexta edición, á vista da proposta achegada pola concelleira de comercio, hostalaría, turismo e cultura, por Resolución da alcaldía de data 10/05/2024, aprobáronse as seguintes bases reguladoras.

1. PARTICIPACIÓN.

Poderán participar neste certame todas as persoas maiores de idade, ben sexan profesionais ou persoas afeccionadas ó mundo da cociña e da gastronomía galegas, sempre e cando formalicen a súa inscrición segundo os requisitos de tempo e forma das presentes bases.

Tal e como dispón a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, serán requisitos tamén:

- a) Non estar incurso en ningún dos casos previstos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.
- b) Non ter co Concello débedas ou sancións tributarias en período executivo, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se atopen aprazadas, fraccionadas o cuxa execución estivese suspendida.
- c) Non ter pendente de xustificar subvención concedida polo Concello.

Cada persoa, nomeadamente, unicamente poderá presentar unha proposta de “tortilla doce” ó certame.

Coa solicitude de inscrición, a persoa participante, no caso de que resulte ser a gañadora, adquire o compromiso de participar activamente na vindeira edición deste certame, e de facer unha demostración da receita e da súa elaboración no día en que esta se celebre.

2. OBXECTO.

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria e a resolución do VI Certame A MELLOR TORTILLA DOCE DO PEÑÓN deste 2024, na que resultará gañadora aquela que, elaborada como mínimo cos ingredientes tradicionais das tortillas doces elaboradas para as merendas das familias do Concello do Peñón na Braña de Soesto, resulte ser a máis saborosa, con mellor textura e presentación durante a celebración da Festa do Peñón do 2024 o vindeiro luns, día 20 de maio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



3. CARACTERÍSTICAS DA TORTILLA DOCE.

A receita **deberá conter como mínimo os ingredientes básicos** da receita tradicional de “tortilla doce” elaborada con motivo da celebración da Festa do Peñón no noso concello e que se concretan en: **ovos, azucre, pan e leite**. Cada participante, será libre de poder engadir outros ingredientes que estime oportunos e/ou convenientes facendo uso da creatividade culinaria.

4. DAS FORMAS DE PREINSCRICIÓN, PRESENTACIÓN DAS TORTILLAS DOCES E FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN. PRAZOS.

Toda persoa que desexe participar no certame, deberá PREINSCRIBIRSE NAS OFICINAS DE CULTURA do Concello de Laxe, de maneira presencial de 09.00 a 14.00 horas, chamando ós teléfonos 881 045 854 ou 981 706 903 ou remitindo un correo electrónico ó enderezo de cultura@concellodelaxe.com.

En calquera caso, para a preinscrición **deberán de facilitarse os seguintes datos: nome, apelidos, DNI, idade e teléfono de contacto**.

O **PRAZO DE PREINSCRICIÓN** estará aberto dende a data de publicación destas bases **ata o luns 20 de maio ás 12.00 horas**.

A **FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN PARA PODER PARTICIPAR NO CERTAME E A ENTREGA DE TORTILLAS** realizarase no lugar habilitado ó efecto na Braña de Soesto, o **luns día 20 de maio, entre as 18.00 e 18.30 horas**, debendo de asinar nese mesmo momento a folla de inscrición formalizada en modelo de **INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN** que se facilitará dende o Concello de Laxe.

Na solicitude de participación, incluíranse como mínimo, os seguintes **DATOS DA RECEITA**: ingredientes, tempo de elaboración, fonte e ano de aprendizaxe da receita e indicacións de elaboración.

5. DO XURADO E DO PROCEDIMENTO PARA A ELECCIÓN DA TORTILLA GAÑADORA.

O xurado estará **formado por 3 persoas seleccionadas entre as panaderías e pastelerías do noso concello e/ou da contorna, con experiencia acreditada no ámbito da cociña e**, máis en particular, **na elaboración de doces. Constituirase e reunirse o mesmo Día do Peñón, luns 20 de maio, ás 18.00 horas**, momento no cal procederá a degustar todas tortillas doces presentadas ó certame, puntuar e deliberar para elixir as tortillas gañadoras.

Os **criterios que se valorarán para a elección da tortilla gañadora**, serán os seguintes: **PRESENTACIÓN, SABOR, TEXTURA E ORIXINALIDADE**, outorgando unha valoración global e final comprendida entre o 0 e o 10 para cada unha das tortillas presentadas, sendo 0 a menor puntuación e 10 a máxima.

Exercerá como **secretaría do acto** a actual Concelleira delegada de comercio, hostalaría, turismo e cultura do Concello de Laxe, Raquel Lema Allo, quen estenderá acta da deliberación do xurado.

Concluída a deliberación do xurado, **o resultado do certame comunicarse ó mesmo tempo tanto á persoa gañadora como a todo o público asistente á celebración do ACTO DE ENTREGA DO DIPLOMA E DO “VALE ECONÓMICO SIMBÓLICO”** que terá lugar o mesmo día na Braña de Soesto ó redor das **19.30 horas**, previsiblemente.

Tan pronto como sexa posible, formalizarase dita acta para deixar constancia da mesma no expediente en base á alcaldía ditará Resolución na que nomeará formalmente á persoa gañadora.

O xurado, poderá realizar exclusións de participación no certame, sempre e cando non reúna os ingredientes mínimos. Así mesmo, poderá declarar deserto o certame sempre en virtude de criterios fundados que así o xustifiquen.

O fallo do xurado é inapelable, e, en todo momento, prevalecerá o seu criterio sobre calquera outro. No non previsto nestas bases, decidirá o equipo de goberno municipal e o xurado constituído para a celebración do devandito certame, sendo a súa decisión inapelable.

No caso de que as condicións meteorolóxicas non permitisen a celebración do certame no día e lugar sinalado, o Concello de Laxe poderá mudar tanto a localización deste como a data para a súa realización, dando conta destes cambios coa máxima antelación posible a través das canles de comunicación habituais.

6. DOS PREMIOS DO CERTAME E PRAZO.



Entregarase un **ÚNICO PREMIO Á MELLOR TORTILLA DOCE**, seguindo a orde e os criterios determinados nestas bases e as puntuacións outorgadas polos membros do xurado.

O premio consistirá no recoñecemento público das boas artes culinarias da persoa gañadora mediante a entrega dun **DIPLOMA E DUN VALE SIMBÓLICO POR IMPORTE DE 120,00€** que dará dereito á realización de compras e/ou consumicións, nun ou varios comercios e locais da hostalaría do Concello Laxe, que libremente elixirá a persoa gañadora, por un importe máximo equivalente ó premio obtido no certame.

Unha vez realizada/s a/s compra/s e/ou realizadas as consumicións, a mesma persoa que realizou a inscrición no Certame, xunto coa **INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PREMIO DO CERTAME**, que poderá tanto solicitar nas oficinas xerais da Casa do Concello como descargar da páxina web do Concello de Laxe, deberá de presentar no Concello de Laxe:

- **DNI**
- **CERTIFICADO DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA**
- **ORIXINAIS DA/S FACTURA/S** que lle expedirá/n o/s comercio/s e locais hostaleiros de Laxe ó nome da persoa gañadora

A mencionada documentación poderá presentarse no Concello de Laxe tanto de xeito presencial como de xeito telemático, a través da sede electrónica municipal, sempre e cando a persoa premiada conte con algún sistema de identificación dixital, establecéndose como **PRAZO MÁXIMO DE SOLICITUDE DO PREMIO o día 31.10.2024**.

No caso de que a persoa gañadora non tramite a solicitude do premio dentro do prazo máximo establecido, o Concello de Laxe entenderá que desiste deste, facultándoo para destinar o importe do dito premio a outros fins ou necesidades municipais.

Os premios concedidos aos beneficiarios, serán comunicados á Axencia Estatal Tributaria, tal e como requira a lexislación vixente que resulte de aplicación.

- *En todo caso, o importe a aboar polo Concello de Laxe, ascenderá como máximo ó importe outorgado pola Resolución de alcaldía coa que se conclúa o procedemento de outorgamento de premios.*
- *No caso de que a persoa gañadora presente unha factura por importe menor ó do importe do premio outorgado, o Concello de Laxe procederá á minorización do pagamento ata o importe da factura presentada.*
- *No caso de que a persoa premiada presente unha factura por maior importe debido á mellora das condicións do premio outorgado, en todo caso, e salvo causas de forza maior, o Concello de Laxe procederá a ingresar o importe do premio outorgado na Resolución de conclusión do procedemento das votacións.*

7. DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE.

Os datos persoais recollidos na inscrición, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este certame.

Os nome e apelidos da persoa gañadora, así como as fotografías tomadas no momento da recollida e entrega do diploma e do premio do certame, faranse públicos para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación e redes sociais dependentes do Concello de Laxe, previa autorización da persoa gañadora, que se entenderá outorgada a través da mesma instancia de solicitude de participación no Certame.

De acordo co Regulamento da Unión Europea 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas e á libre deses datos, así como coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable o Concello de Laxe.

Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, debe solicitalo escribindo un correo electrónico a correo@laxe.es ou enviando unha carta ó noso enderezo postal indicado na cabeceira do documento.

A organización realizará reportaxes fotográficas dos diferentes momentos do certame que serán publicadas e compartidas nas redes sociais dixitais e canles de comunicación habituais do Concello de Laxe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A inscrición e participación neste certame, implica a total aceptación destas bases e a cesión dos seus datos persoais nos termos establecidos no apartado anterior.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

No non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003 xeral de subvencións, a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Real Decreto 887/2006 de Regulamento Xeral de Subvencións, Lei 7/1985 Reguladora das bases do réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A Corporación municipal, coa finalidade de mellorar a organización e desenvolvemento do certame, así como para decidir sobre o non previsto, poderá adoptar os acordos que estime pertinentes.

Laxe, na data da sinatura dixital

O alcalde,
Francisco Charlín Oróns



ANEXO 1: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO

VI CERTAME “A MELLOR TORTILLA DOCE DO PEÑÓN” 2024

DATOS DA PERSOA QUE PARTICIPA		
NOME		
APELIDOS		
ENDEREZO		
LOCALIDADE	DNI	
TELÉFONO	EMAIL	
DATOS DA TORTILLA QUE PRESENTA Ó CERTAME		
INGREDIENTES		
TEMPO DE ELABORACIÓN		
ANO APRENDIZAXE RECEITA		
FONTE		
ELABORACIÓN		

En Laxe, 20 de MAIO do 2024

Asdo. _____



ANEXO II. INSTANCIA PARA A SOLICITUDE DE PREMIO

VI CERTAME “A MELLOR TORTILLA DOCE DO PEÑÓN 2024”

DATOS DA PERSOA GAÑADORA DO PREMIO:						
NOME:						
APELIDOS:						
DNI:						
NÚMERO DE TELÉFONO:						
CORREO ELECTRÓNICO:						
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS POSTAIS:	CP:		CONCELLO:		PROVINCIA:	

EXPOÑO:

- Que resultei premiada/o na 6ª edición do Certame de mellores tortillas doces do Peñón deste 2024.
- Que despois de ter disfrutado do premio outorgado polo Concello, achego FACTURAS emitida polos comercios do Concello de Laxe nos que realicei as compras por un importe de _____ €, así como DNI e CERTIFICADO DE TITULARIDADE BANCARIA onde reciberei o pagamento do premio outorgado polo Concello.

SOLICITO:

Que o Concello de Laxe proceda a realizar o pago polo importe total da/s factura/s entregada en concepto de PREMIO DESFRUTADO no NÚMERO DE CONTA BANCARIA do que achego certificado de titularidade e que indico a continuación:

CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Conforme ó establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e en cumprimento da normativa de protección de datos, en particular do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e del Consello, de 27 de abril de 2016, informámoslle de que os datos persoais proporcionados, son confidenciais e forman parte dos ficheiros titularidade do CONCELLO DE LAXE, coa finalidade de xestionar a iniciativa CERTAME A MELLOR TORTILLA DOCE DO PEÑÓN e/ou outras campañas e/ou iniciativas que o concello considera que podan resultar do seu interese.

En calquera caso, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación do tratamento e oposición previstos na la normativa mediante escrito dirixido ó Concello de Laxe, situado na Avda. Cesáreo Pondal núm.26, 15117- Laxe (A Coruña).

- Consinto no tratamento dos meus propios datos persoais contemplados no presente documento coas finalidades sinaladas neste.

SI DOU O MEU CONSENTIMENTO

NON DOU O MEU CONSENTIMENTO

En Laxe, a _____ de _____ do 2024

Asdo.: _____